



ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 9 DE OUTUBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

Concelleiros:

María José Maneiro Quintáns (PP)
José Manuel Deán Pouso (PP)
Juan Jesús Pérez Santos (PP)
M^a Magdalena Pérez Millares (PP)
Antonio Romero Ribeiro (PP)
Joaquín García García (PP)
Josefa M^a Hermo García (PSdG- PSOE)
Luis García Gaciño (PSdG- PSOE)
M^a Asunción Torres Parada (Portodos)
José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)
M^a Ánxela Franco Pouso (BNG)
Xoán Xosé León Martínez (BNG)

Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **20:00 horas** do día **9 de outubro de 2015**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúnese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto, así como pola interventora da Corporación, D^a. Manuela Barcia Vázquez.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA.

- 1) Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014 .
- 2) Solicitud de fraccionamento nun período de dez anos do reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva na Participación nos Tributos do Estado do ano 2013.



1. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.

O secretario da Corporación dá lectura á proposta de acordo, que é do seguinte teor literal:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a Conta Xeral do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2014 e a documentación complementaria anexa, confeccionada segundo a lexislación vixente.

Visto o informe da Intervención e o ditame da Comisión Especial de Contas de data 18 de agosto de 2015.

Visto que a Conta Xeral se expuxo ao público por prazo de quince días hábiles para que durante ese prazo e oito días máis os interesados puidesen presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimasen pertinentes e que durante ese prazo non se presentou ningunha reclamación segundo acredita a certificación da Secretaría.

Considerando o disposto no artigo 212 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2014.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización dos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas, segundo establece o artigo 212.3 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais."

D^a. Josefa M^a Hermo García di que, vistas as contas, concorda co que manifesta a Intervención municipal no Memoria da Conta Xeral en relación coas circunstancias sociais e económicas do concello, memoria coa que concorda totalmente e da que le un extracto.

A continuación, pregúntalle ao Sr. Alcalde- Presidente que actuacións ten pensado levar a cabo no ano 2016 para facer fronte ás circunstancias que acaba de expor. Na memoria, prosegue, menciónase a potencialidade do castro de Baroña, polo que pregunta que se fixo ao respecto no ano 2015, que se pensa facer no 2016 e que medidas se van adoptar para evitar a estacionalidade das visitas. Tamén pregunta que medidas se van tomar para por en valor as praias, á parte de ter perdido as bandeiras azuis, ter os areais cheos de lixo e non dotalos de socorristas.

Por outra banda, menciona que as contas reflicten a débeda do concello, que está aí por que o goberno municipal non foi capaz de aprobar os Orzamentos Xerais. Engade que nunha sesión anterior D^a. María José Maneiro Quintáns lle dixo á Sra. Franco Pouso que o goberno do que formara parte esta última non pagara facturas, e iso é algo que ela tampouco faría pois di que ten información confidencial acerca de que os importes desas facturas non se corresponden coa realidade.

A voceira socialista conclúe a súa intervención preguntándolle ao Sr. Alcalde- Presidente que fixo coa súa xestión.

D^a. M^a Asunción Torres Parada principia mencionando que o punto versa sobre a aprobación da Conta Xeral e que o equipo de goberno presumiu nos medios de comunicación dunha falsa boa xestión; falsa porque os datos arroxan unha xestión nefasta: o concello estaba endebedado en máis de 3 millóns de euros no ano 2014, unha débeda excesiva para un concello pequeno e que ten ingresos reducidos. Iso, di, é indicativo dunha moi mala xestión económica. E explica



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

que 2,5 millóns de euros son de débeda a longo prazo, 250.000 euros débeda a curto prazo e 214.000 euros débeda con provedores.

A voceira de Portodos sinala que a Conta Xeral informa que a xestión foi irresponsable e, así, no informe de Intervención dáse conta de 49 reparos pola mala xestión, o que se traduce en ter executado incumprimentos informados desfavorablemente pola Intervención municipal. Engade que podería facer un breve resume sobre a natureza dos informes desfavorables: omisións de trámites esenciais, concesión de subvencións en especie incumprindo a lexislación, a adxudicación do contrato das rutas de sendeirismo ou a prórroga do contrato do técnico do Museo "Marea".

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** recorda que na sesión anterior xa comentara que lle parecía increíble que houbera tantos informes desfavorables da Intervención na Conta Xeral.

A Sra. **Franco Pouso** di que se vai adiantar ao debate e explica que o Sr. Alcalde obtivo a súa maioría absoluta debido a que se atopou cunha serie de obras moi importantes xa iniciadas e adxudicadas polo goberno anterior. Engade que o Sr. Oujo Pouso menciona o superávit do concello pero no punto seguinte da orde do día trátase a devolución de máis de 200.000 euros ao Estado. O goberno municipal, di, tamén minte cando se refire á débeda do anterior goberno municipal, pois este concertou un crédito ao 4% de xuros para pagar as facturas que deixaron pendentes o PP e o PSOE, co fin de que non crebaran as empresas locais; pola contra, o goberno actual contratou un préstamo ao 8%. Sinala que o goberno actual di que herdou a débeda pero o certo é que, no canto de asinar un crédito ao 8%, puido pagar esa débeda con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

A voceira nacionalista reitera que o goberno municipal herdou obras como o arranxo da estrada de San Pedro de Muro ou o Museo do Mar. Foi así como gañaron, coas obras doutros.

Conclúe sinalando que no seguinte punto da orde do día vaise por de relevo a xestión do goberno. Tamén engade que o grave é gastar sen consignación orzamentaria e gañar as eleccións endebedando ao concello.

O Sr. **Alcalde- Presidente** intervén para preguntarlle á Sra. Franco Pouso se no ano 2010 existía Porto do Son, pois semella que non había nada feito ata entón.

D^a. **María José Maneiro Quintáns** explica que o obxecto do punto é aprobar a Conta Xeral do 2014 para poder remitila antes do 15 de outubro ao Consello de Contas.

A Sra. **Maneiro Quintáns** indica que os principais indicadores da conta son positivos, e pasa a detallar que o aforro neto é positivo en 1,4 millóns de euros, que o remanente líquido de Tesouraría ascende a 243.000 euros e que o endebedamento se reduciu ao 49%. Continúa sinalando que, máis alá da análise das ratios, que son positivas a grandes trazos, e máis alá da análise sociolóxica que fixo a Sra. Hermo García, parécelle unha tomadura de pelo que lles digan que o goberno do que forma parte endebedou o concello. Explica ao respecto que cando accederon ao goberno había unha débeda viva de 6 millóns de euros, e que o goberno anterior duplicara a débeda existente, ademais a débeda comercial e a bancaria era moi elevada. A fins de 2014 a débeda bancaria era de 2,4 millóns de euros e a débeda comercial de 214.000 euros, de xeito que houbo unha redución da débeda total de 3 millóns de euros. Reitera que lle parece unha tomadura de pelo que os acusen de endebedarse cando eles duplicaron a débeda existente.

Continúa a Sra. **Maneiro Quintáns** mencionando que os grupos da oposición din que o goberno municipal atopou moitos investimentos herdados, pero o certo é que conseguiron 3 obradoiros



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

de emprego, acometeron a humanización da Rúa da Atalaia, executaron moitas dotacións de saneamento, fíxose a EDAR de Abuín, investíuse un millón de euros no arranxo de pistas e estradas, construíuse a escola infantil,... acumulando case 2 millóns de euros en investimentos durante o ano 2014.

En alusión ao dito pola voceira socialista, menciona que os Orzamentos de 2014 se tiveron que prorrogar polos motivos que ela coñece ben, pois se dispuxesen no seu momento de maioría xa terían aprobado os Orzamentos para 2015.

Contestando á Sra. Torres Parada, di que tiveron 40 informes desfavorables de Intervención pero que o goberno anterior triplicaba ese número, en gran medida por contratos menores que deixaron de selo e que se arrastran desde fai moito tempo. Tamén explica que os reparos pola concesión de subvencións en especie se refiren ás comisións de festas e que se fan co obxecto de dinamizar a actividade económica. En canto á prórroga do persoal laboral, explica que son coñecedores de que hai persoal laboral temporal que é indefinido e sinala que lles gustaría que fose persoal fixo, pero coa taxa de reposición establecida é a única alternativa da que se dispón para continuar coa prestación dos servizos.

D^a. **Josefa M^a Hermo García** pregúntalle á Sra. Maneiro Quintáns se lle gustaría traballar para o concello sen contrato, e explica que hai moita xente cobrando do concello mediante factura.

Doutro lado, afirma que o goberno municipal non aprobou os Orzamentos para 2015 porque non se quixo sentar a dialogar cos outros grupos políticos.

En relación ao dito pola Sra. Maneiro Quintáns, menciona que falan da herdanza recibida pero o que lles veu dado débese ás decisións do Sr. Montoro, que é do goberno do PP, e insta aos concelleiros do goberno municipal a rebelarse contra esas decisións impostas se non están de acordo con elas.

O Sr. **Alcalde- Presidente** pregúntalle á Sra. Hermo García se sabe quen "meteu" ao persoal das casas de cultura; contesta que foi o grupo socialista. Tamén lle pregunta se quere que os despidan.

D^a. **Josefa M^a Hermo García** di que o que quere é que regularicen a súa situación.

O Sr. **Alcalde- Presidente** contesta que ela aludiu ao despedimento.

D^a. **Josefa M^a Hermo García** pídelle ao Sr. Oujo Pouso que non poña na súa boca palabras que non dixo.

D^a. **M^a Asunción Torres Parada** menciona que a Sra. Hermo García non se referiu ao despedimento, que foi o Sr. Alcalde o único que o entendeu así. Engade que é o goberno municipal quen despide, e que o fai sempre polo lado das mulleres, con acoso e "arrinconamento" laboral ás traballadoras do concello.

Intervén o Sr. **Alcalde- Presidente** instando á Sra. Torres Parada a que retire a mención que fixo relativa a que están acosando ás traballadoras ou a que, noutro caso, abandone o Salón de Sesións.

D^a. **M^a Asunción Torres Parada** di que retira a mención que fixo ao acoso pero afirma que se arrecantou a traballadoras, e cita a unha traballadora social, á axente TIC ou a unha operaria de limpeza de praias.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

O Sr. **Alcalde- Presidente** dille que está rozando a expulsión.

D^a. M^a **Asunción Torres Parada** preguntalle se a vai expulsar por ser muller.

Fórmase un balbordo no Salón de Sesiós con cruce de intervencións entre diferentes concelleiros e o Sr. **Alcalde- Presidente** ordénalle á Sra. Torres Parada que abandone o Salón de Sesiós.

[Contra as 20:30 horas D^a. M^a Asunción Torres Parada e D. José Ángel Lorenzo Vila abandonan o Salón de Sesiós]

Algúns asistentes aplauden nese momento e o Sr. **Alcalde- Presidente** ordena que abandonen o Salón de Sesiós esas persoas.

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** dille ao Sr. Alcalde que agarda que non a expulse a ela tamén e que a cadeira de alcalde non é de ninguén.

Por outra banda, a voceira do BNG, en alusión ao dito pola Sr. Maneiro Quintáns acerca de que non aprobaron os Orzamentos de 2015 "por desgraza", di que lle gustaría traer a colación a entrevista que deu o Sr. Oujo Pouso logo de gañar as eleccións e na que manifestou que serían dialogantes e que lle tenderían a man á oposición, mais xa se ve o resultado.

A Sra. **Franco Pouso** agradécelle á Sra. Maneiro Quintáns que lle fixese recordar que lles deixaron a obra da Praza de Abastos, subvencionada 2 anos pola Deputación Provincial, e da que o goberno do que ela formou parte executou unha anualidade e o da Sra. Maneiro Quintáns a restante, que consistiu en facer un furado na praza.

D^a. **María José Maneiro Quintáns** explica que a actuación na Praza de Abastos se fixo cunha subvención da Xunta de Galicia.

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** pídelle á Sra. Maneiro Quintáns que non a interrompa. Tamén di que non vai falar da débeda municipal pois xa quedou claro o asunto; engade que está a tirar moito proveito destes debates e adquirindo moitos coñecementos.

En relación coa contratación laboral, menciona que a Sra. Hermo García non explicou que unha cousa é despedir e outra traballar cun salario digno. Engade que regularizar a eses traballadores é tan sinxelo como darlles un soldo digno que lles permita pagar a cota de autónomos e sinala que tal e como se están a facer as cousas estáselle a roubar ás arcas da Seguridade Social. Di, tamén, que o goberno actual tivo 5 anos para arranxar esta situación.

En alusión á intervención da Sra. Torres Parada, sinala que o goberno municipal despediu a unha traballadora social, que gañou dúas sentenzas, e que foi indemnizada para non ter que readmitila con 10.000 euros de todos.

O Sr. **Alcalde- Presidente** apunta que a voceira do BNG mencionou o despedimento pero o seu grupo, cando accedeu ao goberno da Deputación Provincial, o primeiro que fixo foi despedir xente.

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** contesta que cesaron a traballadores de libre designación, nomeados polo PP e con salarios de 76.000 euros, que tiñan cargos e que se reincorporaron aos seus postos de traballo. Engade que o Sr. Oujo Pouso cobra está a cobrar 4.000 euros da Deputación e 3.000 do concello ao mes e insta a que llo conte aos veciños.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

O Sr. **Alcalde- Presidente** di que a Sra. Franco Pouso cobra 51.000 euros da Deputación Provincial e que dispón de coche oficial. Afirmo que está disposto a renunciar aos seus ingresos da Deputación se a voceira do BNG renuncia aos seus 51.000 euros.

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** di que cobra polo seu traballo e que está a gañar o pan para os seus fillos.

D^a. **María José Maneiro Quintáns** apunta que, como muller, está avergoñada polo comportamento da voceira de Portodos.

En canto á situación de determinados traballadores, explica que é unha situación herdada que lles gustaría regularizar, pero que isto non é tan doado como a Sra. Franco Pouso apuntou con demagogia, pois o que propuxo é contratacións laborais "a dedo".

D^a. **Josefa M^a Hermo García** intervén para mencionar que a Sra. Franco Pousos se referiu á facturación, non a contratacións laborais.

D^a. **María José Maneiro Quintáns** afirma que a situación as persoas das que veñen falando é indesexable, que non é correcta e que se debe regularizar dentro da legalidade, e insta aos voceiros dos grupos da oposición a que fagan propostas ao respecto.

Por outra banda, aludindo ao caso da traballadora social citado, explica que esa persoa gañou as sentenzas grazas a un contrato irregular que o goberno do PSOE e do BNG lle fixo.

Non habendo máis intervencións, o Sr. **Alcalde- Presidente** dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con catro (4) abstencións (2 PSdG- PSOE+ 2 BNG)**, polo tanto co **quorum da maioría simple**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Vista a Conta Xeral do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2014 e a documentación complementaria anexa, confeccionada segundo a lexislación vixente.

Visto o informe da Intervención e o ditame da Comisión Especial de Contas de data 18 de agosto de 2015.

Visto que a Conta Xeral se expuxo ao público por prazo de quince días hábiles para que durante ese prazo e oito días máis os interesados puidesen presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimasen pertinentes e que durante ese prazo non se presentou ningunha reclamación segundo acredita a certificación da Secretaría.

Considerando o disposto no artigo 212 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2014.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización dos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de



Cuentas, segundo establece o artigo 212.3 RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais."

2. SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO NUN PERÍODO DE DEZ ANOS DO REINTEGRO DO SALDO DEBEDOR DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA NA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2013.

O secretario da Corporación dá lectura á proposta de acordo, que é do seguinte teor literal:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Solicitude de fraccionamento nun período de 10 anos do reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva de 2013

D. José Luis Oujo Pouso, alcalde do Concello de Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Vista a liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, exercicio 2013, que resultou negativa por importe de 209.460,07 euros, que deberán reintegrarse ao Estado.

Visto que a disposición adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, establece modificacións no procedemento de reintegro dos saldos debedores a favor da Facenda do Estado derivados da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do exercicio 2013 que foi regulado no artigo 72 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, o cal prevé a devolución mediante compensación con cargo ás entregas a conta que se perciban con posterioridade á mencionada liquidación (xullo de 2015), nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 % dunha entrega mensual (unha entrega mensual actualmente ascende en termos brutos a 147.685,69 euros), agás que, aplicando este criterio, excédase do prazo sinalado, en cuxo caso axustarase a frecuencia e a contía das retencións correspondentes ao obxecto de que non se produza esta situación.

Sendo que a modificación no procedemento de reintegro consiste na posibilidade de fraccionar o reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva negativa do exercicio 2013 nun período de 10 anos, para o que as entidades locais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. **Presentación da solicitude por parte da entidade local.**
- b. A solicitude deberá ser **aprobada polo Pleno** da corporación local.
- c. Dita solicitude deberá presentarse a través de medios telemáticos e con sinatura electrónica da interventora municipal antes do 1 de novembro. No caso de non presentarse a solicitude no prazo sinalado, aplicaranse os reintegros consonte ao réxime xeral establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, regularizando con cargo á entrega a conta do mes de novembro os reintegros que se deberían ter aplicado na entrega correspondente ao mes de outubro.
- d. A aplicación efectiva da excepción do prazo de reintegro iniciarase na entrega a conta do mes de xaneiro de 2016.
- e. A ampliación solicitada concederase ás entidades que cumpran os seguintes requisitos (Apartado 3 da disposición adicional décima):
 - i. Ter presentado a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio inmediato anterior a aquel no que se calcule a liquidación definitiva de 2013, é dicir, a liquidación do exercicio 2014.
 - ii. Prevegan cumprir a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (110 %). En canto á dita previsión, terase en conta a información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015.
 - iii. Período medio de pago non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade (publicación no mes de outubro de 2015).

Visto que á data actual aínda non están abertas na Oficina Virtual de Coordinación Financelra coas Entidades Locais as aplicacións para, por unha banda, a remisión da información relativa á execución orzamentaria do terceiro trimestre de 2015 (espérase que en breve se abra e estea dispoñible ata o 31 de outubro) e, por outra banda, a remisión do período medio de pago a provedores



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaía s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

correspondente ao terceiro trimestre de 2015, e que polo tanto, non é posible saber á data de hoxe o cumprimento dos requisitos impostos pola Disposición Adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014 para a adopción deste acordo.

Tendo en conta que o vindeiro pleno ordinario é o correspondente ao mes de novembro de 2015, en data posterior ao remate do prazo de remisión do acordo de solicitude de excepción do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2013 (1 de novembro), e vistos os artigos 56 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e tendo en conta criterios de eficacia administrativa e economía procedimental.

En virtude do exposto, e en exercicio da competencia prevista na lexislación mencionada, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a aplicación da excepción ao Concello de Porto do Son do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2013 aplicable con carácter xeral e contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, e que tal reintegro se fracclone nun período de 10 anos, condicionando o acordo a que da información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015 que debe ser remitida antes do 30 de outubro deste mes, prevexa cumprirse a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o período medio de pago correspondente ao terceiro trimestre de 2015 non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade.

Segundo.- Que de cumprirse a condición establecida no punto anterior, pola intervención municipal se presente dita solicitude coa súa sinatura electrónica antes do 1 de novembro a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Porto do Son, 5 de outubro de 2015

O alcalde

Asdo.: José Luis Oujo Pouso"

D^a. **Josefa M^a Hermo García** comeza mencionando que o 8 de agosto pasado o Sr. Alcalde dixo nun xornal que gastaran máis do previsto e que debían "apretar o cinto", pero os veciños, non el. Indica que o Sr. Oujo Pouso está presente en 3 comisións da Deputación Provincial, cobrando 300 euros pola asistencia a cada unha, e no Pleno da Deputación, do que percibe 500 euros por asistencia.

O Sr. **Alcalde- Presidente** advirte á Sr. Hermo García que se non se cingue á orde do día a expulsará.

D^a. **Josefa M^a Hermo García** pregúntalle ao Sr. Alcalde se está de acordo con pagar a multa que lle puxo o Sr. Montoro á que se refire o punto da orde do día.

O Sr. Alcalde- Presidente pídelo á voceira socialista que prepare os asuntos e lamenta que se esta é a oposición municipal que baixe deus e o vexa.

D^a. **Josefa M^a Hermo García** sinala que como ao Sr. Alcalde non lle gusta o que escoita di esas cousas.

En relación co obxecto do debate, apunta que se a xestión municipal é tan boa, o goberno debería devolver eses cartos en 3 anos e non en 10. Engade que o seu grupo vai absterse na votación.

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** dálle ás grazas á Sra. Hermo García pois pensou que unicamente ela sabía sumar. Engade que este mes na Deputación vai haber dous plenos.

Intervén o Sr. **Alcalde- Presidente** preguntándose, en relación coas retribucións percibidas da Deputación Provincial, quen fixou o soldo dos deputados e as dietas por asistencia; responde que foron o BNG e o PSOE. Di que para a Sra. Franco Pouso só é lícito o salario que ela gaña.

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** pídelo ao Sr. Alcalde que cos 214.000 euros do superávit lle pague ao Sr. Ministro de Facenda. Tamén explica que a Deputación Provincial vai repartir 33



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

millóns de euros entre os concellos da provincia e que non día de onte se aprobaron 1,2 millóns de euros para Porto do Son.

O **Alcalde- Presidente** explica que o reparto de fondos pola Deputación se fixo cos criterios empregados para a asignación do POS grazas ao PP, pois o BNG e o PSOE querían facer un reparto "a dedo".

D^a. **María Ánxela Franco Pouso** menciona que se vai notificar a asignación do POS a Porto do Son e que agarda que non se gaste en pedra e que se reparta entre todas as parroquias, pois vén de empregarse o POS de 2 anos nunha praza de Portosín mentres que, doutro lado, se executaron obras sen consignación orzamentaria con fins electoralistas.

Conclúe preguntándose se lle doe ao goberno municipal que a Deputación reparta 112 millóns de euros con criterios obxectivos.

D^a. **María José Maneiro Quintáns** afirma que se dixeron cousas que non son certas a sabendas e desexa que quede claro.

Sinala que a Sra. Hermo García mencionou que gastaran máis do previsto e que o Sr. Montoro lles puxera unha multa, engade que esa mención lle parece propia da personaxe do Sr. Farruco, creado polo BNG e que insulta aos maiores. Explica que a voceira socialista sabe a que responde a devolución: a que os concellos reciben unha participación nos tributos do Estado en función dunha estimación e cando se aprobou a liquidación definitiva desa participación resultou que o Estado ingresara máis fondos dos debidos. Non se trata logo, di, dunha multa senón dunha mala previsión do Estado.

A Sra. **Maneiro Quintáns** tamén se pregunta por que deben efectuar a devolución en 10 anos e non en 3, e contesta que porque resulta máis beneficioso para o concello xas que non se aplican xuros e poderán dispor de máis liquidez.

D^a. **Josefa M^a Hermo García** di que o resume do asunto é que se vai ingresar menos por ter gastado máis e acusa ao goberno municipal de hipotecar ao concello. Conclúe instando á Sra. Maneiro Quintáns a que efectúe a devolución dos fondos en 3 anos, xa que sostén que a xestión económica do concello é tan boa.

Non habendo intervencións, o Sr. **Alcalde- Presidente** dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con catro (4) votos en contra (2 PSdG- PSOE+ 2 BNG)**, polo tanto co **quorum da maioría absoluta**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Vista a liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, exercicio 2013, que resultou negativa por importe de 209.460,07 euros, que deberán reintegrarse ao Estado.

Visto que a disposición adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, establece modificacións no procedemento de reintegro dos saldos debedores a favor da Facenda do Estado derivados da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do exercicio 2013 que foi regulado no artigo 72 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, o cal prevé a devolución mediante compensación con cargo ás entregas a conta que se perciban con posterioridade á mencionada liquidación (xullo de 2015), nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 %



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

dunha entrega mensual (unha entrega mensual actualmente ascende en termos brutos a 147.685,69 euros), agás que, aplicando este criterio, excédase do prazo sinalado, en cuxo caso axustarase a frecuencia e a contía das retencións correspondentes ao obxecto de que non se produza esta situación.

Sendo que a modificación no procedemento de reintegro consiste na posibilidade de fraccionar o reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva negativa do exercicio 2013 nun período de 10 anos, para o que as entidades locais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. **Presentación da solicitude por parte da entidade local.**
- b. A solicitude deberá ser **aprobada polo Pleno** da corporación local.
- c. Dita solicitude deberá presentarse a través de medios telemáticos e con sinatura electrónica da interventora municipal **antes do 1 de novembro**. No caso de non presentarse a solicitude no prazo sinalado, aplicaranse os reintegros consonte ao réxime xeral establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, regularizando con cargo á entrega a conta do mes de novembro os reintegros que se deberían ter aplicado na entrega correspondente ao mes de outubro.
- d. A aplicación efectiva da excepción do prazo de reintegro iniciarase na entrega a conta do mes de xaneiro de 2016.
- e. A ampliación solicitada concederase ás entidades que cumpran os seguintes requisitos (Apartado 3 da disposición adicional décima):
 - i. Ter presentado a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio inmediato anterior a aquel no que se calcule a liquidación definitiva de 2013, é dicir, a liquidación do exercicio 2014.
 - ii. Prevexan cumprir a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (110 %). En canto á dita previsión, terase en conta a información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015.
 - iii. Período medio de pago non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade (publicación no mes de outubro de 2015).

Visto que á data actual aínda non están abertas na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais as aplicacións para, por unha banda, a remisión da información relativa á execución orzamentaria do terceiro trimestre de 2015 (espérase que en breve se abra e estea dispoñible ata o 31 de outubro) e, por outra banda, a remisión do período medio de pago a provedores correspondente ao terceiro trimestre de 2015, e que polo tanto, non é posible saber á data de hoxe o cumprimento dos requisitos impostos pola Disposición Adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014 para a adopción deste acordo.

Tendo en conta que o vindeiro pleno ordinario é o correspondente ao mes de novembro de 2015, en data posterior ao remate do prazo de remisión do acordo de solicitude de excepción do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2013 (1 de novembro), e vistos os artigos 56 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e tendo en conta criterios de eficacia administrativa e economía procedimental.



CONCELLO DE PORTO DO SON


Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358


En virtude do exposto, e en exercicio da competencia prevista na lexislación mencionada, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A ADOCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a aplicación da excepción ao Concello de Porto do Son do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2013 aplicable con carácter xeral e contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, e que tal reintegro se fraccione nun período de 10 anos, condicionando o acordo a que da información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015 que debe ser remitida antes do 30 de outubro deste mes, prevexa cumprirse a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o período medio de pago correspondente ao terceiro trimestre de 2015 non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade.

Segundo.- Que de cumprirse a condición establecida no punto anterior, pola intervención municipal se presente dita solicitude coa súa sinatura electrónica antes do 1 de novembro a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais."

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **21:00 horas** do día **9 de outubro de 2015**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE.

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, que dá fe.

Asdo. José Manuel González García.

